

## MESA SECTORIAL DO DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2020

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 30 DE ABRIL, 20 DE MAIO E 26 DE MAIO DE 2020.

Apróbanse as actas das sesións do punto da orde do día unha vez feitas e recollidas as alegacións por parte das Organizacións Sindicais.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROPOSTA DE INCLUSIÓN DUNHA DISPOSICIÓN TRANSITORIA AO ACORDO DO 20 DE XUÑO DE 1995 POLO QUE SE REGULAN O ACCESO E AS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DO PERSOAL DOCENTE INTERINO E SUBSTITUTO DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA QUE IMPARTE ENSINANZAS DISTINTAS DAS UNIVERSITARIAS.

Ante todo, ANPE Galicia considera vital a prevalencia do Acordo de Interinos que está en vigor. Consideramos que o sistema de previsión de postos de interinidade e substitucións en Galicia é o que mellor funciona de todo o territorio nacional. Polo tanto defendemos ferventemente o Acordo de Interinos.

ANPE Galicia considera que ante unha situación excepcional, como a que estamos a vivir, debería haber unha normativa específica excepcional para arranxar este tipo de problemática. Non nos agrada ter que andar “parcheando” continuamente o Acordo de Interinos, pero entendemos que ante a falta de dita normativa específica superior debe recollerse a solución excepcional no propio acordo.

Con respecto ao texto presentado, entendemos que o criterio será a valoración **numérica** da nota media do expediente académico para tratar de evitar, na medida do posible, o maior número de empates en puntuación.

Gustaríanos coñecer o texto definitivo do punto 5º. Que garantías vai ter a formación facilitada pola Consellería?.

Rematamos solicitando que, ante calquera dúbida, a Administración opte pola apertura de listas sempre que haxa necesidade e con suficiente previsión. ANPE Galicia ten feito un amplo estudo de todas as especialidades e temos constatado que hai xa varias especialidades onde non hai xente (ou moi pouca) para cubrir posibles substitucións. Tamén solicitamos que haxa, con carácter habitual e fora da excepcionalidade da situación actual, certos períodos concretos e fixados para a apertura de listas para que os interesados/as non teñan que estar pendentes continuamente ao longo de todo o curso. **A Administración resposta que se pode estudar pero que o proceso de constitución de listas tal e como se recolle no Acordo de Interinos é a través dos procesos selectivos e establecer uns períodos fixos para apertura de listas pode dar lugar a ter que abrir listas cando realmente non é necesario facelo.**

Nunha segunda ronda de intervención ANPE Galicia considera que deben renegociarse os criterios de renuncia ás listas xa que hai moita xente que está nas listas “por si acaso”. Este feito é a causa maior de disfunción nas listas e que provoca que haxa que ir facendo pequenas modificacións no Acordo.

ANPE demanda que se soliciten informes xurídicos sobre o tema do decaemento das listas de aquelas persoas que non teñan rematado o Mestrado cando as autoridades sanitarias consideren o remate da situación excepcional. Este punto debe ter a maior seguridade xurídica posible.

## **3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE... POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE TRASLADOS ENTRE PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, MESTRES DE TALLER DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN.**

Desde ANPE Galicia solicitamos información sobre o Concurso Específico de Orientación e o de Adultos.

Con respecto ao tema dos recursos presentados por participantes doutras CCAA en pasados concursos pola baremación do servizo como persoal interino sabemos que son poucos casos e que a Administración procura ser áxil, pero demandamos que se resolvan o antes posible para evitar desprazamentos de prazas unha vez comezado o curso escolar.

O máis importante para ANPE Galicia é tratar de negociar as vacantes de secundaria e outros corpos novamente nos servizos centrais da Consellería de Educación como se fixo hai dous anos. Naquel momento o esforzo e o traballo realizado permitiu reducir a provisionalidade do persoal funcionario en expectativa de destino e facilitou tamén a mobilidade do persoal con destino definitivo.

Somos conscientes do enorme traballo que supón facelo de xeito centralizado e máis, nos momentos actuais, pero debería dotarse de persoal de reforzo ao servizo de persoal da Consellería para poder levalo a cabo e máis se temos en conta que dúas Xefaturas Territoriais néganse a facer unha negociación real das vacantes. Consideramos que non pode ser que existan centros que ano tras ano teñen un número importante de profesorado provisional en certas especialidades e que non saían vacantes nos Concursos de Traslados. **A Administración resposta que non ten ningunha pretensión nin posibilidade técnica nin material de facer de novo ese traballo.**

Desde ANPE Galicia consideramos que as vacantes provisionais do Concurso deben vir como Anexo ao texto da Orde ou, cando menos, se coñezan durante o prazo de presentación de solicitudes e as vacantes definitivas deben ser coñecidas antes do remate do prazo de reclamacións e renuncias. Cremos que isto se podería levar a cabo cunha boa previsión e coordinación. Non podemos seguir pedindo “a cegas”. Debemos ser, na actualidade, os únicos funcionarios que non coñecen en tempo e forma as posibles vacantes. **A Administración resposta que non sería moi real xa que é inevitable a modificación de vacantes. Polo tanto unha posible publicación de vacantes non sería moi realista coas vacantes finais.**

**ANPE segue a insistir en que só se coloque “de oficio” pola especialidade de ingreso porque o problema é que se “perden” especialistas (PT, AL por exemplo) en prazas de primaria.**

Solicitamos que se faga efectiva a mobilidade do profesorado do corpo de mestres no 1º ciclo da ESO e que non se limite ás 7 principais cidades.

Demandamos que se permita tamén a presentación telemática de solicitudes (a través dun procedemento específico na sede electrónica) para ampliar as posibilidades de participación e máis coa situación actual na que pode ocorrer que algún centro educativo estea pechado durante o prazo de presentación de solicitudes.

Debe abrirse a aplicación de datos persoais para que o profesorado faga actualizacións con tempo suficiente para o Concurso de Traslados.

En relación ao **Baremo** solicitamos:

- Puntuación para responsables de centros de menos de 3 unidades.
- Contabilizar certificacións lingüísticas á marxe da EOI.
- Puntuación das titorías de alumnado de CAP.
- Puntuación para o persoal que exerza funcións directivas en ausencia do titular. Botamos en falta a puntuación de determinadas coordinacións e asesorías, sobre todo en relación aos centros integrados de formación profesional ou “ciclos” en primaria, polo que demandamos a revisión deste apartado do baremo.
- Demandamos a eliminación do tope de 1 Mestrado ou Doutoramento.
- Demandamos que se puntúen as tarefas docentes en todos os centros de difícil desempeño e non soamente se é o seu centro base.
- Solicitamos a eliminación da incompatibilidade de puntuación entre o apartado 4 e o 6.6 cando neste último hai marxe que se perde.
- Demandamos que as persoas que están ocupando prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería poidan ter a puntuación correspondente a outras funcións docentes que se recolle no apartado 4.3
- Demandamos tamén a puntuación de certas titulacións elementais e superiores dos conservatorios dentro do apartado de titulacións superiores xa que non se están a valorar como tales.
- **Desde ANPE denunciaremos os problemas que presenta ano tras ano a comisión de baremación das publicacións. Solicitamos, así mesmo, que se publiquen as razóns polas que non se barema determinadas publicacións para poder facer unha reclamación con coñecemento de causa e razoada.**
- **Solicitamos que se faga pública unha resolución de fin de baremación para que os participantes poidan saber cando comezar as reclamacións.**

#### **4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.**

- Solicitar o cese do Xefe Territorial como máximo responsable da actuación por parte da Administración Educativa co persoal directivo do CEIP Luis Seoane de Oleiros.
- Solicitamos unha regulación normativa das condicións laborais no caso de teletraballo e a dotación de medios e recursos a todo o profesorado.
- Solicitamos información sobre cando se van publicar a baremación das 41 listas que quedan pendentes, a lista provisional de admitidos nos procesos selectivos e a lista provisional no acceso a cátedras. **A Administración resposta que no relativo á baremación das listas hai máis de 15.000 solicitudes e van priorizando aquelas listas que teñen máis urxencia. Francés de secundaria e de primaria vanse abrir de novo. Con respecto ás oposicións e cátedras consideran que hai prazo suficiente, pero que antes de decembro posiblemente non se publiquen.**
- Denunciar os problemas dos horarios onde non se está a computar o horario de atención ao alumnado transportado ou alumnado antes dos recreos e despois dos recreos en períodos anteriores a actividade lectiva. Non se poden modificar horarios pola situación da COVID sen ningún tipo de regulación.
- Denunciar, como facemos todos os anos, os casos de vacantes adjudicadas no CADP con perfís “irreais e incongruentes” recollidos como “afíns”. Urxe unha regulación xa.

# MESA SECTORIAL



- **Demandamos aclaracións** sobre as faltas do profesorado no caso de corentenas (ben propias ou ben de familiares directos: fillos, cónxuxes, etc). **A Administración resposta que toda aquela persoa que estea nun centro educativo e teña indicacións de permanecer no seu domicilio por ser convivente cunha persoa sospeitosa de ter COVID pode permanecer na casa presentando declaración responsable. Con respecto ao tema de permanecer en casa para atender a un fillo ou filla non hai unha regulación específica polo que debería usar as mesmas solucións que si debe quedarse con fillo na casa por causas alleas ao COVID.**
- Demandamos tamén que se estudien convenientemente por parte das inspeccións médicas as solicitudes de valoración de situacións de vulnerabilidade e non se neguen sistematicamente usando unha resposta “standard”.
- Denunciamos a situación de vulnerabilidade e risco para a súa integridade física que está a sufrir o persoal do centro de menores “Santo Anxo” de Rábade.
- Demandamos aclaracións sobre a suspensión das licenzas por formación. Se está contestando aos participantes que estaban no estranxeiro que non se lles van aboar as facturas.
- Demandamos coñecer porque se están a prorrogar continuamente as solicitudes das prazas ARCO.
- Solicitamos á Consellería que dote de EPI específicos para o profesorado.
- Demandamos coñecer o procedemento COVID para o profesorado de MUFACE.
- Solicitamos información sobre como se está a xestionar as probas PCR ou serolóxicas para o profesorado substituto que se incorpora ao centro unha vez iniciado o curso.
- Denunciamos a falta de profesorado para as probas libres das EOI.
- Demandamos coñecer cales son os criterios para conceder ou non a semipresencialidade en Ciclos Formativos xa que hai centros onde se concede e outros con similares características onde se nega.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 13:35 horas.

**ANPE**  
**SINDICATO INDEPENDIENTE**  
**GALICIA**